

PABLO SERRANO. *"Forma táctil"* (Bronce). 1973.

* É posible modificar a textura dun material empregando procedementos *químicos ou mecánicos*. No caso desta escultura podemos ver os ***distintos acabados*** feitos polo artista: unha parte pulida onde brilla o material e outra vasta e rugosa.

Tanto no mundo da escultura como no da pintura é importante que o autor da obra sexa capaz de controlar os acabados de cada superficie, porque en función de cada textura o efecto que se transmite ó espectador é diferente.

Polo seu carácter esencialmente táctil, a forma na que os escultores traballan coa textura é diferente dos que facen unha obra gráfica. A textura táctil e a visual son dúas posibilidades de información complementarias e moi a miúdo ambas cousas son distintas faces da mesma moeda.

EFECTO METÁLICO. Técnica de aerógrafo.

* Da textura tamén depende que o obxecto que representemos pareza que está *"feito"* de ***materiais diferentes***. Neste caso, o efecto que se procura é que o tubo pareza de metal brillante. O mesmo obxecto trocará por completo se o presentamos como composto doutro material.

TRAMA. *Fotografía tramada para impresión.* Ampliación.

* Cando se intenta reproducir unha imaxe en imprenta, é necesario que primeiro se *"trame"*, é dicir, que se convirta nunha rede de puntos moi pequenos máis ou menos agrupados. Existen moitos tipos de tramas que producen unha ***sensación visual*** de textura, que aínda que non se pode percibir ó tacto, sí se aprecia coa vista.



DESERTIZACIÓN. Comunidade de Andalucía.

* Na natureza dase o fenómeno da textura espontaneamente. Non acostuma haber unha intervención directa da man do home, son os axentes atmosféricos, os procesos propios da evolución ou a coexistencia entre especies os que dan carácter a cada superficie.

Que unha ***textura*** sexa ***espontánea*** e ***natural*** non lle quita valor á hora de transmitir sensacións, o que ocorre é que lle falta a *"intención"* coa que o artista trata de comunicarse co espectador.

Podemos recoller texturas moi diversas e manexarlas con intencións expresivas, só hai que buscalas prestando atención a todo aquilo que nos rodea para poder recoñecer a que nos interesa en cada caso.

* Se somos capaces de representar con acerto a textura dos obxectos, seremos tamén capaces de transmitir a través do sentido da vista a sensación que teríamos ó tocalo.

MADEIRA.

TEXTURA DE CARTÓN ONDULADO.

texturas

* Nesta ilustración podemos apreciar unha ***textura táctil***. Denomínase *"estuco"* e é un tipo de pintura en relieve que presenta unha superficie rugosa moi axeitada en decoración para o acabado de paredes.

O estucado pode empregar efectos diferentes, segundo o grosor, a profundidade e a forma de estar agrupado o *"grano"* da textura.

* Hai ***texturas visuais*** moi variadas para empregar no deseño gráfico. Estas *"tramas"* que poden adquirirse en tendas especializadas empreganse para pegar sobre estas zonas do debuxo onde queiramos que apareza un efecto determinado.

Usando tramas podemos simular efectos de luz, sombra ou de texturas táctiles.



* O número de tramas que se poden empregar no deseño gráfico é pouco menos que infinito. De feito, hai á venda tramas cos máis variados efectos e incluso tramas gráficas que simulan a textura de obxectos coñecidos como a trama da ilustración que imita á perfección a tela de saco.



* Pero nós podemos crear as nosas propias tramas. A repetición constante de *"grafismos"* aproveitando as posibilidades expresivas do manexo de instrumentos propios do debuxo e da pintura poden cubrir unha superficie dándolle un carácter uniforme que provoca a sensación de textura visual.

JASPER JOHNS. *"Bandera"* (Encáustica, óleo e college sobre lenzo) EEUU. 1955.

DETALLE.

* O traballo do pintor está directamente relacionado co tipo de material que emprega en cada obra e a elección deste material depende do que queira transmitir co cadro ó espectador. Para cada caso o pintor elixe coidadosamente a técnica que vai empregar (óleo, acuarela, tempera, acrílico, etc) e o soporte sobre o que ten que traballar (tela de liño, tela de saco, algodón, metal, madeira, papel, etc).

Con cada unha das técnicas pictóricas aplicadas a distintos soportes prodúcense efectos de textura diferentes e a sensación que se transmite cambia por completo.

* Existen materais moi axeitados para transmitir efectos de textura. O bronce ten unha enorme variedade de *"rematados"* e ademais das texturas táctiles que se lle poden dar a través de distintos tratamentos, pode ser preparado para que adquira capas superficiais de diferentes cores (*"patinas"*).

LEOPOLDO NOVOA. *"Mural da Canteira"* (materiais diversos). A Coruña. 1992.

* Cando colocamos moitos elementos iguais cubrindo unha superficie, obtemos unha textura sempre e cando a vexamos a distancia suficiente. Temos que percibir o conxunto, non os elementos por separado.

Os nosos ollos poden ver cada ladrillo da ilustración (coa súa propia textura) pero é, ó fixarnos no conxunto, cando os ladrillos "súmanse" tapizando a parede. Podemos dicir entón que todos os ladrillos xuntos forman unha textura.

* Ademais do material e o soporte que se empregan para pintar, os trazos e as pegadas que vai deixando o pincel crean tamén un carácter de expresión visotáctil potenciando á textura.

DETALLE.

Vincent Vangogh. *"Cadeira con pipa"*. (Óleo sobre lenzo). 1889.



¿ ?

* Para percibir a diferencia entre texturas táctiles é suficiente con pechar os ollos e poñer unha baixo cada man. O teu sentido do tacto comparará inmediatamente a información recibida por ambas mans sacando conclusións sobre uniformidade, grosor, relieve e por suposto, sobre outras moitas sensacións como temperatura ou dureza do material.

* As texturas visuais esixen a colaboración doutros sentidos ademais do da vista. Coas técnicas informáticas que se usan hoxe en día podemos *"vestir"* un obxecto para que, ante os nosos ollos, pareza o que non é. Podes presentar un ladrillo que pareza feito de madeira ou unha barra de pan con aspecto líquido como a auga. Nestes casos, o noso cerebro emprega a súa capacidade de razoamento para averiguar cando algo é real e cando é imposible.

* Hai moitas formas de acadar texturas de obxectos que podan empregarse na obra gráfica. Unha fotocopiadora danos a oportunidade de convertir as texturas táctiles de moitos obxectos en texturas visuais que logo podemos incorporar ó noso traballo recortándoas e pegándoas directamente.

Vocabulario

* ***TEXTURA***
Estado que presenta a superficie dun obxecto. Pode ter posibilidades expresivas.

* ***TRAMA***
Conxunto de puntos ou liñas dispostas regularmente co obxecto de acadar a representación de tons nos procesos de impresión.

* ***GRAFISMO***
Forma peculiar na que cada individuo face un trazo.

* ***GRANO***
Dícese de cada un dos elementos que definen algunha textura.